

Ola a tod@s!

Para a vosa tranquilidade, quero concretar unha serie de puntos con respecto ao desenvolvemento das actividades:

- Debedes mandarme xa as actividades correspondentes ao tema 7.
- Forma de envío: O método máis sinxelo é fotografar co móbil as páxinas do caderno e compartilas co meu correo electrónico de gmail, lolaxeohistoria@gmail.com.
- Para facilitar a identificación, poñede o voso nome e apelidos no encabezamento da primeira das páxinas fotografadas.
- A data límite de envío das actividades do tema 8 é o venres 24 de abril. Non obstante, agradecería que mas enviádeses tan pronto como as teñades todas rematadas, para podelas revisar de xeito progresivo.

Algúns compañeiros, están preocupados polo exame. A estas alturas non sabemos cando nin como se reanudarán as clases. Sobre o sistema de avaliación xa falaremos cando corresponda, agora non hai que preocuparse diso. En todo caso, coma sempre, concretaríavos os puntos claves. Nunca entrarían os tres temas completos.

Seguide con moita atención a información da aula virtual. Continuade traballando con tranquilidade e coidádevos moito. Vémonos pronto.